

Ficha de envío de propostas ao *Viveiro de propostas normalizadoras* da CTNL

Proposta de nome para o proxecto	Mellora da comunicación publicitaria en galego
Datos da persoa que fai a proposta	Nome e apelidos: Tono Formoso Enderezo-e: tono@fabaloba.com Profesión/posto/ámbito/entidade: Fabaloba
Breve descrición do proxecto	Consiste en analizar canda o sector profesional da comunicación publicitaria en Galicia as eivas no uso da lingua galega neste ámbito e buscar conxuntamente as formas para lle pór remedio.
Obxectivos da iniciativa	Os profesionais da comunicación publicitaria constitúen un sector chave pois determinan en gran medida as estratexias comunicativas de moitas outras empresas. Trátase de incidir nestes profesionais para acadar dous obxectivos: un mellor dominio da lingua galega e dous seus recursos expresivos Aumentar nese sector a conciencia sobre os valores positivos asociados ao galego, de xeito que eles poidan posteriormente difundir eses valores entre a súa clientela.
Explicación de en que consistiría a acción	Este proposta parte da observación do desleixo no uso da lingua en moitos formatos publicitarios en lingua galega, e en diferentes medios e soportes. Un primeiro paso será recoller exemplos tanto negativos coma positivos do uso do galego na publicidade. Unha vez feito isto procúrase o contacto coas diferentes asociacións profesionais do sector e analízanse con eles as posibilidades de traballar para mellorar a situación.
Destinatarios/as	En primeira instancia o sector profesional da comunicación publicitaria e a través deste o obxectivo sería que información chegase de forma práctica nunha segunda instancia á clientela deste sector e posteriormente ao público destinatario desas mensaxes comerciais.
Quen se propón que a promova?	A CTNL

Necesidades materiais	En principio ningunha.
Necesidades humanas	Non cómpre un número moi elevado de participantes, pero si variado, en canto que sería conveniente que á parte de perfís máis relacionados co ámbito lingüístico e sociolingüístico, tamén colaborase persoas coñecedoras do sector profesional ao que nos diriximos. Esas persoas poden buscarse entre as diferentes asociacións do sector.
Proposta de xestión do proxecto	Grupo de traballo saído dos viveiros. Os primeiros dous pasos, atopar o material co que exemplificar a nosa argumentación e expoñela posteriormente ante o sector non teñen por que implicar investimento económico. É posible que si o supuxesen accións posteriores, pero iso é agoramente unha hipótese por definir.
Prazos previstos	O tempo do verán debería ser suficiente para xuntar e organizar o material previo, e durante o outono deberían terse os contactos coas asociacións profesionais. Un posible desenvolvemento posterior planificaríase con posterioridade.
Outras observacións	